

EROSKI / PARAÍSO

Jorge Coira / Xesús Ron, 2019

615

ESTREA EN NUMAX: 13.12.2019 | V.O. | TP

Eroski/Paraíso (2019, 75')

Dirección: Jorge Coira, Xesús Ron

Guión: Chévere

Elenco: Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Cris Iglesias, Fidel Vázquez, Luís Martínez, Ana Santos, Federico Pérez

Son: Juan Guay

Fotografía: Lucía Catoira, Fidel Vázquez

Dirección de arte: Antonio Pereira, Chévere

Montaxe: Lucía Iglesias, Jorge Coira

Música: Xavi Font

Produtora: Centre du Cinéma et de l'Audiovisuel de la Fédération

Wallonie-Bruxelles, Les Films Du Fleuve (Bélxica)

Distribuidora: Chévere, Ollo Vivo (España)

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Galego

FILMOGRAFÍA JORGE COIRA

Hierro, 2019 [serie TV]

O ano da carracha, 2004

Entre bateas, 2001

O matachín, 1996 [curtametraxe]

SINOPSE

Antonio e Eva coñecéronse na discoteca Paraíso en 1989. Esa mesma noite, Eva quedou embarazada e, pasados uns meses, casaron e tiveron a Alejandra. No ano 2019 Alejandra medrou e converteuse nunha prometedora cineasta que regresa á casa para filmar un documental sobre a vida de seus pais. Pero Antonio e Eva agora están divorciados, levan anos sen verse e a vella discoteca onde se coñeceran transformouse nun supermercado Eroski.

«Un filme que mantén a profunda radiografía social que caracteriza o teatro de Chévere»

Irene Pin, SERMOS GALIZA



“As salas de festas eran as verbenas *indoor*, ou sexa de inverno”

Entrevista con Miguel de Lira

Por Henrique Mariño

En *Eroski / Paraíso* o humor sitúase por riba da denuncia máis evidente doutras obras de Chévere?

Coido que nas súas moitas capas, percíbese un desarraigamento vital, lingüístico, paisaxístico e identitario, o que enriquece unha obra máis popular e doada de dixerir que as anteriores. Tamén é certo que, cando nos documentamos e fixemos o traballo de campo na zona, atopamos menos chicha do que pensabamos, como os conflitos laborais ou a caída do estado de benestar. Non atopamos un gran material de denuncia e, para sermos honestos, centrámonos na intimidade dos personaxes.

Por que Muros? Quen chegou até alí?

A idea orixinal foi miña, xurdiu cando entrei no supermercado, tiven un flashback e comecei a lembrar como era a discoteca da miña xuventude.

Galicia está sementada de naves abandonadas que antes albergaban salas de festas, aínda que algunhas resisten e moitas se reconverteron noutros negocios como moblerías ou

supermercados. A nómina é extensa: A Vieira en Pontecesos; Lennon na Estrada; Donadana en Touro, Skala en Lalín... O fenómeno das salas de festas é moi galego, porque vai unido ao mundo das orquestras que teñen máis músculo que noutras rexións. Transcenderon a *pachanga* estival e son parte do Produto Interior Bruto. As salas de festas eran as verbenas *indoor*, ou sexa de inverno. Espazos abertos ás aforas dos pobos e cunha boa zona de aparcamento, un dato que resulta crucial. Os franceses souberon velo e montaron Alcampos e Continentes. Reparámos que Eroski montaron os seus establecementos en antigas salas de festas. Foron listos: non lles facía falla investir moito na obra e xa tiñan o aparcamento. Todo o que era Paraíso, Edén ou Vergel converteuse en Eroski. Hai casos en Bueu, Forcarei, Muros...

A xente daquela viáse de domingo a domingo e casaba aos vinte, trinta ou corenta días de relación. Ou sexa, que podían levar un par de anos saíndo, pero nese tempo só se viran contadas veces. Da discoteca ao altar. Casaban sen ter vivido xuntos. No caso dos protagonistas de *Eroski / Paraíso* tiveron que acelerar o proceso matrimonial porque ela quedou embarazada na primeira noite.

En *Eroski / Paraíso* amoldaron a obra á realidade máis que a realidade á obra? Exacto. A medida que avanzamos as pesquisas e documentacións sobre o terreo ían poñendo de manifesto diversos

asuntos de actualidade, como este novo tipo de migración, o boom inmobiliario, a perda da paisaxe, os esqueletes de edificios sen rematar, os andazos que non fomos quen de controlar, como o eucalipto.

Unha caste de Ken Loach en clave de comedia? Hai quen di que é unha comedia documental. Patricia de Lorenzo crava o personaxe de Eva, unha muradá que encarna a moitas nais galegas que perderon a súa identidade, a súa lingua e case a súa orixe. Ela, por exemplo, pasou ao castelán polo ben da súa filla e volveu ao pobo para coidar de seu pai con alzheimer, porque se non nunca o faría. É unha desarraigada de libro. O meu personaxe é un pouco da montaña, dun universo agrario e segue a falar galego.

Moi peterpanesco. Un soñador. A vida e a emigración non conseguiron matar do todo ao neno grande que leva dentro. Cando a súa filla quere facer un filme a nai é remisa e el xoga moi a favor. É un gran pai e ela unha gran nai, pero á súa maneira. Na realidade actual que é moi complexa, as *evas* abundan, mentres que os *antonios* non son tan comúns. Cada vez quedan menos soñadores, porque tantos golpes anulaban a súa capacidade de soñar.

Publicado en publico.es
Tradución: Xan Gómez Vianas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

MARTA XA TEN O SEU ABONO COLABORA

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusondenumax

